

ALBERGUE XUVENIL POBOADO DE OS PEARES (CARBALLEDO-LUGO).

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS:	Este albergue dispón de edificios con dormitorio e baños, aulas, salas de xogo, comedor e cociña. enfermería e pavillón cuberto.
SITUACIÓN:	Albergue situado no antigo poboado da central hidroeléctrica de Os Peares
ACCESOS:	Por estrada: Na N-120 coller o desvío cara a Os Peares, cruzar o Río Sil, e seguir ata o embalse dos Peares.
ENDEREZO:	Poboado de Fenosa s/n baixo (Carballedo).Lugo Tel: 988 200 400

QUENDAS E ACTIVIDADES:

QUENDAS	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
Adventure Camp 2015 05-12 de xullo 12-19 de xullo	Obxectivos: Potenciación da participación, compañeirismo e solidariedade a través da práctica de actividades deportivas, acuáticas, socio-culturais e de tempo libre. Aprender inglés dun xeito divertido e proporcionar aos acampados un pleno contacto coa natureza e o entorno artístico e cultural da zona. Actividades en inglés Actividades náuticas de kiai e paddelboard, Orientación con GPS, Rappel Aula de natureza e Cabullería Ruta pola Ribeira Sacra, obradoiros e veladas.

NORMAS XERAIS

- Os participantes estarán atendidos, permanentemente, por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias destes campamentos.
- Cóntase con atención sanitaria. Os participantes deberán levar ao campamento a **tarxeta sanitaria orixinal**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.
- O teléfono para poder falar cos acampados é o número: **988 200 400**. O horario de atención será de 15:00 a 16.00 e de 21:30 a 22:00. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. Tendo en conta o elevado número de xoves e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono, (os participantes poderán facelo despois da comida).
- Os participantes incorporaranse na data e horarios establecidos, acompañados dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada.
- Ningún participante poderá abandonar o recinto do albergue sen autorización do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, titores ou persoa adulta autorizada, debendo cubrir o impreso axeitado, que lles será facilitado polos monitores; ademais da fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada, de se lo caso. Prégase non facer visitas de non ser necesario, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
- Débase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos que estean tomando os participantes, e mesmo as alerxias, doenzas ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días.
- Os directores da actividade teñen prevista a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles (con funda e cargador).